



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 24 DE MAIO DE 2021

ORDE DO DÍA

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00021856H.

Aprobación de Acta de sesión anterior.

Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente de data 30 de abril de 2021.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/881/2019.

Licenza obra maior.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 26/01/2021, a rehabilitación de edificación situada na Rúa Ribeira de San Lourenzo 13 Santiago de Compostela (A Coruña), cun orzamento de execución material de 34.000 euros.

3. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: 2020/00000205T.

Concesión de licenza de obra nova para construción de nave destinada a almacén na Rúa Paseo da Amaia, 2.

Acórdase conceder a PAPELERÍA DE BRANDÍA, S.A. licenza de obra nova para a construción dunha nave destinada a almacén na RÚA PASEO DA AMAIA, 2-, segundo Proxecto básico e de execución co nº visado 2005199.1 con data de visado de 23/10/2020, cun orzamento de execución material de 65.000 €.

As actuacións consistirán na construción dunha nave de planta baixa para almacén, cunha ocupación en planta de 302,94 m², superficie útil de 279,48 m² e altura de 8 metros.

A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza 10 de actividades do PXOM.

4. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: 2021/00001803R.

Concesión de licenza de obras de reforma e ampliación para oficinas, vestiarios e aseo na Rúa Paseo de Amaia, 2.

Acordo conceder a PAPELERÍA DE BRANDÍA, S.A. licenza de obras para reforma e ampliación de local para destinalo a oficinas, vestiarios e aseo na Rúa Paseo da Amaia, 2-, segundo Proxecto básico e de execución co nº visado 2006419.2 de data 22/12/2020, cun orzamento de execución material de 90.000 €

As actuacións consistirán en OBRAS DE REFORMA E AMPLIACIÓN dun local de planta baixa, cunha ocupación planta de 162,99 m², superficie útil de 152,49 m² e altura de 2,72 metros para destinar a oficinas, vestiarios e aseos.

A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza 10 de actividades do PXOM.

5. PATRIMONIO. Referencia: 2021/00006654E.

Dación de conta á XGL da Orde da Consellería de Facenda e Administración Pública pola que se acepta a transmisión a título gratuito dun inmovible realizada polo Concello de Santiago de Compostela á Comunidade Autónoma de Galicia con destino a residencia de maiores.

Dáse conta da Orde do 11.5.2021 da Consellería de Facenda e Administración Pública pola que se acepta a transmisión a título gratuito da parcela 7557816NH3475E0001BA, realizada polo Concello de Santiago de Compostela (acordo da Xunta de Goberno Local de data 3.5.2021) á Comunidade Autónoma de Galicia, con destino á construción dunha residencia de maiores. E conforme ao citado acordo municipal do 3.5.2021 procederá agora a formalización da cesión nos termos acordados polo Concello, en documento administrativo.

6. CONTRATACIÓN. Referencia: Praza 103 A Rosa.

Cesión praza número 103 do aparcamento Ponte Castro - A Rosa

Acórdase autorizar a cesión da praza número 103 do aparcamento Ponte Castro – A Rosa en Santiago de Compostela, sinalándolle que de acordo co disposto no prego de condicións que rexe esta concesión, "o prezo da transmisión non poderá superar o orixinario de cesión, incrementado na cantidade correspondente ás variacións do IPC". Unha vez formalizada esta cesión notarialmente, deberá presentar a correspondente escritura ó obxecto da súa ratificación.

7. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/46/2014.

Recepción documentación dos expedientes de inspección do contrato de “Servizos para o asesoramento e colaboración na inspección fiscal dos tributos locais (agás o imposto sobre bens inmoables e os tributos que se devenguen polas obras realizadas no complexo do Gaias “Cidade da Cultura”), así como nos procedementos sancionadores que se deriven da comprobación e/ou da inspección”

Acórdase autorizar o inicio de trámites para proceder a recepción da documentación dos citados expedientes de inspección, nomeando representante da administración ao técnico municipal e responsable dos servizos de referencia, que unha vez autorizada dita recepción, deberá comunicar a Intervención Municipal, lugar e hora para concorrer ao acto.

8. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: Subvención ao transporte colectivo urbano interior.

Aprobación da solicitude de subvención ao transporte colectivo urbano interior

Acórdase:

1º.- Solicitar perante a Dirección Xeral de Transporte Terrestre dependente do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a subvención pola prestación do servizo de transporte colectivo urbano conforme ao disposto na Resolución do 6 de maio de 2021 da Dirección Xeral de Transporte Terrestre.

2º.- Encomendar a Sociedade Municipal de Xestión do Transporte Urbano de Santiago (“TUSSA”) a recopilación de datos e documentación das empresas operadoras do transporte urbano que cumpran os requisitos da convocatoria, aos efectos de presentar en tempo e forma a solicitude de subvención.

9. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2021/00018330B.

Cesión temporal de documentos para a exposición “Xacobeo. Las huellas del camino”.

Acórdase:

Primeiro.- Autorizar a cesión temporal (préstamo temporal) dos seguintes documentos do Concello de Santiago de Compostela depositados no Arquivo Histórico Universitario:

1. *Cartel – programa de festas do Apóstolo do ano 1906.*

Sinatura: A.M. 1.345, exp. 2, fol. 133.

2. *Cartel das festas do Apóstolo do ano 1935. Autor: Camilo Díaz Baliño.*

Sinatura: A.M. 2.467, exp. 2, doc. 20.

3. *Cartel das festas do Apóstolo do ano 1930. Autor: Camilo Díaz Baliño*

Sinatura: A.M. 2.465, exp. 4, p. 2, doc. 23.

4. *Programa das festas do Apóstolo do ano 1934. Autor: Camilo Díaz Baliño.*

Sinatura: A.M. 2.467, exp. 1, doc. 4.2.

5. *Programa das festas do Apóstolo do ano 1933. Autor: Camilo Díaz Baliño.*

Sinatura: A.M. 2.466, exp. 3, p. 3, doc. 6.

6. *Programa das festas do Apóstolo do ano 1912. Autor: Castelao.*

Sinatura: A.M. 1.347, exp. 3, fol. 16.

7. *Programa das festas do Apóstolo do ano 1915. Autor: Juan Luís.*

Sinatura: A.M. 1.347, exp. 6, fol. 34.

Segundo.- A cesión temporal dos bens indicados suxéitase ao cumprimento estrito das seguintes condicións:

-Os bens cedidos unicamente se poderán destinar á súa exhibición proxecto expositivo titulado: "Xacobeo. Las huellas del camino". Calquera outro uso deberá ser previamente autorizado.

-O préstamo temporal comprende desde o momento da recollida dos bens ata a súa entrega e a súa duración máxima será coincidente coa da mostra para a que se ceden. A prórroga deste período require de autorización municipal.

-O Arquivo Histórico Universitario responsabilizarase de entregar e recoller os bens, comunicándollo ao concello.

-A Biblioteca Nacional de España e a Fundación Cidade da Cultura de Galicia garantirán a adecuada conservación dos bens cedidos e responderán da súa seguridade e vixilancia.

Todos os aspectos loxísticos e de seguridade adecuaranse ao código deontolóxico do ICOM.

-A Biblioteca Nacional de España e a Fundación Cidade da Cultura de Galicia asegurarán os bens cedidos durante o período de vixencia do préstamo temporal.

-Durante a exposición dos bens que se prestan farase constar a súa cesión polo Concello de Santiago de Compostela.

-Unha vez rematada a mostra "**Xacobeo. Las huellas del camino**" os bens serán devoltos ao seu depósito no Arquivo Histórico Universitario no mesmo estado no que foron entregados.

De aprezarse algunha incidencia, de calquera natureza, nos bens devoltos, farase constar nun informe.

Terceiro.- Autorizar a publicación das imaxes dos citados documentos a fin de que poidan ser utilizadas tanto na gráfica da exposición como no catálogo, no folleto, así como na web de ambas institucións.

10. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2021/00021764H.

Cesión documentos para o proxecto expositivo "Memorias do Café Derby".

Acórdase:

Primeiro.- Autorizar a cesión temporal (préstamo temporal) dos seguintes documentos do Concello de Santiago de Compostela depositados no Arquivo Histórico Universitario:

1. Plano do proxecto de habilitación do pavillón da Ferradura para laboratorio municipal (1919, xullo). Autor: M. Fernández Rogel, arquitecto.

Sinatura: A.M. 2.479, peza nº 3, fol. 7.

2. Solicitud de licenza de Avelino San Luís para a colocación dun farol e dunha marquesiña na fachada da casa nº 29 da rúa das Orfas (1929, outubro, 9).

Sinatura: A.M. 1.948, exp. 244, páx. 148

3. Debuxo do farol que acompaña a solicitude de licenza para a súa colocación na fachada da casa nº 29 da rúa das Orfas (1929).

Sinatura: A.M. 1.948, exp. 244, páx. 149

4. Debuxo da marquesiña que acompaña a solicitude de licenza para a súa colocación na fachada da casa nº 29 da rúa das Orfas (1929).

Sinatura: A.M. 1.948, exp. 244, páx. 150

5. Plano do proxecto para a construción do quiosco “Imperial” na Carballeira de Santa Susana (1940, xaneiro).

Sinatura: A.M. 2.583, Policía urbana, leg. 17, exp. 24.

6. Solicitud de licenza de Manuel Domínguez Nieto para a colocación dun toldo na marquesiña e debuxo de dito toldo (1956, abril, 13-30).

Sinatura: A.M. 2.610, exp. 55.

Segundo.- A cesión temporal dos bens indicados suxéitase ao cumprimento estrito das seguintes condicións:

-Os bens cedidos unicamente se poderán destinar á súa exhibición do proxecto expositivo “Memorias do Café Derby”. Calquera outro uso deberá ser previamente autorizado.

-O préstamo temporal comprende desde o momento da recollida dos bens ata a súa entrega e a súa duración máxima será coincidente coa da mostra para a que se ceden. A prórroga deste período require de autorización municipal.

-A USC responsabilizarase de entregar e recoller os bens, comunicándollos ao concello.

-Ana Paula Castro Jiménez, comisaria, e Fernando Franjo Franjo, documentalista, garantirán a adecuada conservación dos bens cedidos e responderá da súa seguridade e vixilancia.

Todos os aspectos loxísticos e de seguridade adecuaranse ao código deontolóxico do ICOM.

-Ana Paula Castro Jiménez, comisaria, e Fernando Franjo Franjo, documentalista, asegurarán os bens cedidos durante o período de vixencia do préstamo temporal.

-Durante a exposición dos bens que se prestan farase constar a súa cesión polo Concello de Santiago de Compostela.

-Unha vez rematada a mostra “Memorias do Café Derby”, os bens serán devoltos ao seu depósito no Arquivo Histórico Universitario no mesmo estado no que foron entregados.

De apreжаться algunha incidencia, de calquera natureza, nos bens devoltos, farase constar nun informe.

11. MOCIDADE. Referencia: 2021/00018339C.

Aprobación do Campamento de verán de Surf en Oleiros e do seu prezo público, organizado pola Concellaría de Mocidade durante o mes de xullo de 2021.

Acórdase:

1. A aprobación do Campamento de Verán de Surf en Oleiros da Concellaría de Mocidade para o mes de xullo de 2021 cuxo gasto ascende a 8.470,00 € imputable a partida 080 23104 2260900 actividades culturais e deportivas. Prevese un ingreso de 2.400 €.

2. A aprobación do prezo público do campamento de verán da Concellaría de Mocidade, Campamento de Surf en Oleiros a realizar no período comprendido entre o 2 e o 9 de xullo de 2021.

12. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: xob/263/2018.

Dar conta do informe relativo á diagnose, reparación urxentes e plan de mantemento dos muros de contención de titularidade municipal do barrio de Fontiñas .

Tómase coñecemento do informe emitido con data 04 de maio de 2021 polo arquitecto xefe do servizo de proxectos e obras no que se fai unha diagnose dos muros de contención de titularidade municipal do barrio de Fontiñas e se plantexan as reparacións urxentes e o plan de mantemento dos mesmos para a súa aprobación. Este documento técnico está orientado a definir distintas fases de catalogación, reparación e mantemento.

-Fase I: Catalogación dos muros e diagnoses do seu estado. O documento recolle una serie de actuacións preventivas, correctivas e de mantemento, como recolación e aconraxe de peitorís, consolidación parcial do muro mediante recolación de perpiaños de granito, limpeza, reparación e/ou dotación de novos elementos de drenaxe, impermeabilización de trasdós mediante obras de pavimentación; e actuacións tendentes a diminuír a presión hidrostática.

Estas actuacións preventivas, a súa vez as clasifica en fases de actuación no tempo:

- **Inmediatas, Menos de 1 ano.**

- **Corto prazo, Entre 1-3 anos.** En base a un Plan de Seguimiento e Inspección.

- **Programables >3 años**

Tamén recolle, a planificación e prediseño das actuacións clasificadas como urxentes, nas que se establecen e se describen outro tipo de solucións de maior envergadura.

- **Fase II:** Planificación e predeseño das actuacións clasificadas como urxentes; cuxo principal propósito é o de planificar, prediseñar e valorar (estimación detallada) as actuacións propostas para os muros que fosen clasificadas na anterior fase como inmediatas (menos de 1 ano. Actuacións como a reconstrucción total do muro, ancoraxes, contrafuerte, pantalla de micropilotes...) que garantan a estabilidade total en base ás respectivas hipóteses de cálculo. Trátase dos muros da Rúa de París con intersección da rúa de Moscova, Rúa Bruxelas e Rúa Varsovia; o muro da Rúa de Roma co Parque de Carlomagno; e o muro entre a Praza Sofía e a Rúa do Valiño).

As fases I e II teñen un custe estimado superior a 1,2 millóns de euros (a falta de valorar a repatacion estrutural do muro entre a Praa Sofía e a rúa do Valiño).

- **Fase III:** Plan de inspección, conservación e mantemento. O “Plan de Conservación dos muros do Barrio de Fontiñas” pretende dotar ao concello de Santiago dunha ferramenta que permita sistematizar o mantemento dos muros, levando a cabo un seguimento das patoloxías detectadas nas anteriores fases, coa finalidade de anticiparse a posibles riscos que puidesen derivarse do posible colapso parcial/total dos muros.

13. PROMOCIÓN ECONÓMICA. Referencia: PE2101LCHOST.

Aprobación da liberación dos créditos non xustificadas da “convocatoria de axudas para a mellora e innovación da restauración e hospedaxe compostelá Plan de reactivación do sector turístico COVID-19”.

A Vista a existencia dos saldos na partida orzamentaria 2020 070 43200 7700000, que asenden a **14.370,9 euros**, derivados dos casos nos que a xustificación presentada polas empresas beneficiarias non acada o importe inicialmente concedido na “CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A MELLORA E INNOVACIÓN DA RESTAURACIÓN E HOSPEDAXE COMPOSTELÁ PLAN DE REACTIVACIÓN DO SECTOR TURÍSTICO COVID19” acórdase a liberación dos mesmos, ao ter xa finalizado o proceso de xustificación, concesión e pagamento desta convocatoria, para destinalos a outros usos que sexan pertinentes.

14. DEPORTES. Referencia: 3504/2021.

Aprobación da continuidade da prestación do servizo de conserxería e limpeza de varias instalacións deportivas municipais (CON/38/2016).

Acórdase:

Dar orde á empresa Lacera Servicios y Mantenimiento SA, actual adxudicataria do contrato de prestación integral dos servizos de conserxería e limpeza en varias instalacións deportivas municipais, para que a partir do 1 xuño de 2021 continúe a prestación do servizo nas mesmas condicións baixo as que o viña facendo de conformidade co contrato anterior e polo tempo imprescindible para adxudicar un novo contrato.

15. DEPORTES. Referencia: 3505/2021.

Continuidade da prestación do servizo de conservación e mantemento dos campos de fútbol municipais e zonas verdes anexas ás instalacións deportivas adscritas á xestión do departamento de deportes. (CON/59/2016).

Acórdase:

Dar orde á empresa Compañía Española de Servicios Públicos Auxiliares SA, actual adxudicataria do contrato de prestación do servizo de mantemento e conservación dos campos de fútbol municipais e zonas verdes anexas ás instalacións deportivas adscritas á xestión do Departamento de Deportes, para que a partir do 1 xuño de 2021 continúe a prestación do servizo nas mesmas condicións baixo as que o viu facendo de conformidade co contrato anterior e polo tempo imprescindible para adxudicar un novo contrato.

16. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00020372Y.

Dación de conta á XGL da sentenza num 126/2021 de 29/04/2021, recaída no procedemento PA 552/2020 CA2

Obxecto: Recurso contencioso-administrativo contra resolución do concelleiro delegado de mobilidade e seguridade que desestima recurso de reposición contra sanción de 600 euros por comisión de infracción grave de non identificar ao condutor.

Dáse conta da sentenza nº 126/2021 do 29.04.2021 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela ditada no PA 552/2020

A sentenza desestima o recurso ao entender que a resolución sancionadora non está debidamente motivada.

Contra dita sentenza non cabe interponer recurso ningún.

Custas: Impóñense á reclamante

Á vista de canto antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Tomar coñecemento da sentenza nº 126/2021 do Xulgado do CA 2
2. Que se comunique ao departamento de mobilidade e seguridade para os efectos do seu cumprimento.

17. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00021779X.

Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no Procedemento Abreviado 231/2019 ditada polo Xulgado Contencioso Administrativo num.1

Dáse conta da sentenza nº 128/2021

Obxecto: Contra Decreto que resolve inadmitir e devolver factura 4/2019 por servizos profesionais.

Contía: 7.720,13 euros

A sentenza é favorable aos intereses municipais xa que acolle o argumento invocado pola defensa do concello relativo á prescrición do dereito a reclamar- *artigo 1967 do Código Civil*- e en consecuencia desestima o recurso, con imposición das custas ao reclamante cun máximo de 400 euros.

Contra dita sentenza non cabe recurso

Á vista de canto antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Tomar coñecemento da sentenza nº 128/2021 do Xulgado Contencioso Administrativo nº 1
2. Comunicala ao departamento de asesoría xurídica para os efectos oportunos.

18. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00021856H.

Dar conta das Resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Dáse conta das Resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 14 a 20 de maio de 2021.

URXENCIAS

19. Referencia: 2021/0002034K. Adscricións e mutación demaniais.

Acórdase:

ADSCRIBIR temporalmente á Concellaría de Acción Cultural o inmovible coñecido como Casa do antigo Concello, para que nela se desenvolvan actividades relacionadas coa imaxe cultural do Concello e a súa promoción e demais referidas na providencia de incoación.

A adscrición é temporal e terá unha duración inicial de 2 anos - a contar dende o acordo de adscrición que adopte a XGL -. Este período prorrogarase por períodos de dous anos de forma automática, salvo que con antelación de alomenos un mes, antes do remate do prazo da adscrición ou as súas prórrogas, se eleve á XGL a declaración do fin da mesma.

A adscrición ten carácter finalista, polo que durante o tempo que dure, a concellaría de Acción Cultural, deberá destinar a antiga casa do Concello ás actividades relativas á imaxe cultural do Concello, á súa promoción e demais relacionadas; sendo esta adscrición finalista, se o inmovible deixase de ser utilizado de forma permanente ou deixase de ser necesario para os fins que motivan esta adscrición, deberá acordarse a súa desadscrición. A tal fin, no caso de darse estas circunstancias, estas deberán comunicarse a Patrimonio para a adopción das medidas que sexan procedentes conforme á normativa aplicable.